



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Valores e educación para a igualdade		Código	652G01008
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación	Cotelo Guerra, Dolores	Correo electrónico	dolores.cotelo@udc.es	
Profesorado	Cotelo Guerra, Dolores	Correo electrónico	dolores.cotelo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia pretende favorecer a reflexión, a formación e o compromiso cos valores, os dereitos humanos e da infancia. É moi necesario que desde idades temperás se eduque nuns valores básicos de convivencia que contribúan a fomentar o diálogo, o respecto, a empatía, etc., tanto nas aulas como na sociedade. A escola, ademais de centrarse na adquisición dos coñecementos, debe interesarse pola formación de valores que posibiliten aos pequenos e pequenas o seu desenvolvemento como seres humanos e sexan quen de tomar as decisións axeitadas diante das distintas problemáticas que se lles presenten nun futuro. O mestres e mestras deben ser conscientes da súa responsabilidade no traballo diario cos valores así como da formación que a sociedade lle esixe de cara a promover unha cidadanía democrática, activa, respetuosa e responsable.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.			B4
Traballar de forma colaborativa.			B5
Autonomía na aprendizaxe.			B9
Capacidade de análise e síntese.			B10
Capacidade de busca e manexo de información.			B11
Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.		A3	B3
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.		A4	B6
Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.		A6	B22
Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.		A9	B23
Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.		A23	B24



Crear e manter lazos de comunicación coas familias para incidir eficazmente no proceso educativo.	A5		C1
Promover e colaborar en accións dentro e fóra da escola, organizadas por familias, concellos e outras institucións con incidencia na formación cidadá.	A10		C3
Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.	A12		
	A13		
	A22		
	A24		
Abordar análises de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.	A25		
	A26		
Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.			
Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.			
Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.		B23	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.	A11		C4 C7
Ser capaz de introducir a perspectiva da Educación para o Desenvolvemento a través dunha educación en valores que garante unha actitude crítica e comprometida coa realidade que nos rodea.	A12	B3	C4
	A39	B5	C7
	A40	B13	
		B14	
		B20	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Valores e educación.	1.1. Aproximación e fundamentación conceptual. 1.2. Construcción dos valores no proceso educativo. 1.3. Os valores na formación docente.
2. Cidadanía e dereitos humanos.	2.1. Aproximación histórico-conceptual ós dereitos humanos. 2.2. Democracia, cidadanía e dereitos humanos. 2.3. A evolución no concepto de cidadanía. 2.4. A construción da cidadanía a través da educación: o papel do currículo escolar.
3. Igualdade de oportunidades e xustiza social.	3.1. Evolución social do concepto de xénero. Políticas de igualdade. 3.2. Perspectivas de análise sobre da convivencia e do conflito social. 3.3. Dereitos e deberes para unha sociedade democrática. 3.4. Actitudes, valores e normas para unha cidadanía crítica.
4. La coeducación como proxecto.	4.1. El papel del plan de estudios en la construcción de identidades. 4.2. Estrategias y recursos metodológicos de buenas prácticas mixtas. 4.3. Incidencia de otros agentes de socialización: familias, medios de comunicación, TIC, grupos de iguales, tribus urbanas ...
5. A convivencia como reto educativo.	5.1. Estratexias metodolóxicas para a mediación e a resolución de conflitos. 5.2. Modelos de convivencia a través doutros axentes de socialización: familias, mass-media, TIC, grupos de iguais, tribus urbanas... 5.3. Activismo, asociacionismo e o papel das ONG.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Análise de fontes documentais	A13 A26 A40 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B11 B13 B22 B24 C1 C3 C4 C7	7	21	28
Actividades iniciais	A22 B5 B10 B11 C3 C4	1.5	0	1.5
Traballos tutelados	A40 A39 A26 A25 A23 A22 A13 A12 A11 A10 A9 A6 A4 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B11 B13 B14 B20 B22 B24 C1 C3 C4 C7	3	40	43
Lecturas	A10 A12 A13 A26 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B11 B14 B20 B22 C1 C4 C7	0	20	20
Sesión maxistral	A3 A4 A5 A10 A12 A13 A23 A24 B3 B11 B22 C1 C4 C7	23	0	23
Presentación oral	A13 A26 B3 B5 B6 B10 B11 B22 B23 C1 C3 C4 C7	1.5	1.5	3
Eventos científicos e/ou divulgativos	A12 A13 B3 B6 B10 B11 B22 C4 C7	1.5	0	1.5
Proba de ensaio	A4 A5 A6 A9 A12 A13 A26 B3 B6 B9 B10 B11 B22 C1 C4 C7	3	0	3
Aprendizaxe servizo	A6 A12 A13 A23 A26 A39 A40 B3 B5 B10 B11 B13 B22 B24 C1 C4	2	16	18
Aprendizaxe colaborativa	A6 A13 A26 B3 B5	2	6	8
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Baséase no uso de documentos e fontes relevantes (bibliográficas, legislativas, audiovisuais, xornalísticas ...) para a súa análise e posterior uso para explicar a natureza dos diferentes contidos e aspectos da materia.
Actividades iniciais	Nas primeiras sesións da materia levaráanse a cabo por parte da docente actividades de carácter expositivo, nas que se presentará o programa da materia e mesmo a dinámica metodolóxica establecida para o mellor desenvolvemento da mesma.



Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado baixo a tutela e seguimento por parte do docente. Trátase de facer un traballo de iniciación á investigación sobre unha temática proposta pola profesora ou tamén suxerida pola alumnado, sempre e cando garde relación cos contidos da materia. Este traballo está destinado basicamente ao alumnado de continuación de estudos ou aquel que por circunstancias xustificadas e acreditadas non poda asistir a clase. O traballo desenvolverase mediante traballo autónomo e poderá facerse en pequeno grupo (2-3 persoas) ou individual e esixe por parte do alumnado un grao de responsabilidade consonte cos obxectivos e a calidade que debe presidir este tipo de traballo. No seu momento facilitaránse unhas pautas que permitirán a elaboración do mesmo, que se complementará cun seguimento tutorial do mesmo, polo que será preciso desenvolver, como mínimo, unha sesión de tutoría na que presentar o guiión do traballo e un esquema do seu desenrolo. As datas serán acordadas entre as partes implicadas. Para a realización deste traballo tomaránse como referencia tanto os materiais básicos da materia como outros complementarios dados pola docente ou localizados polo alumnado, co visto bo da docente, Cada grupo expoñerá o seu traballo, co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración.
Lecturas	Documentos de lectura obrigada para a ampliación dos contidos traballados na aula
Sesión maxistral	Exposición oral dos temas que constituen os contidos da materia diante do alumnado. Esta exposición irá precedida dunha presentación na que se propoñen algunhas preguntas aos estudantes para motivar a reflexión e o diálogo aberto. A obxectivo final pasa pola transmisión de coñecementos e ao tempo facilitar a súa aprendizaxe, potenciando a participación dos/as estudantes na construción significativa do coñecemento.
Presentación oral	Exposicións de traballos realizados, individuais ou colectivos, diante do grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación en actividades de carácter científico e/ou divulgativo (congresos, xornadas, simposios, cursos, conferencias, exposicións...), que teñan relación coa materia. Deben entenderse como unha estratexia complementaria de formación e nunca como substitutiva de outras.
Proba de ensaio	Exercicio escrito ao final do cuadrimestre que pretende demostrar a adquisición e dominio dos contidos básicos. Procura avaliar de xeito directo a capacidade de análise, a expresión e a organización de ideas relativas aos contidos da materia. Valorarase a rigorosidade da resposta, combinada coa capacidade de razoamento (argumentación, relación entre ideas, comparación...), creatividade e espírito crítico. Implica un estudo amplo e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía de traballo colaborativo no que o alumnado presta servizo a un centro escolar concreto a través do deseño dunha proposta de actividades que responden a necesidades reais do seu entorno coa fin de melloralo.
Aprendizaxe colaborativa	Parte da idea de que os estudantes traballan xuntos para aprender e ao tempo son responsables mesmo da súa propia aprendizaxe como da dos seus compañeiros. Non se opón ao traballo individual. Máis ben debe entenderse como unha estratexia de aprendizaxe complementaria que tenta fortalecer o desenvolvemento global do alumno.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



<p>Análise de fontes documentais</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>Sesión maxistral</p> <p>Aprendizaxe servizo</p>	<p>As dúbidas e demandas de orientación que xurdan das sesións maxistrais, a análise de fontes documentais, os traballos tutelados, as presentacións orais e a proba escrita terán unha atención personalizada e serán atendidas polo profesorado da materia na aula ou na titoría, durante o horario fixado de forma oficial, da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none"> - No caso de indicacións xerais a todo o grupo, realizaranse nas sesións expositivas. - Indicacións de traballo a grupos pequenos, realizaranse nas sesións interactivas ou no despacho. No caso do traballo de investigación é obrigatorio que cada grupo realice unha tutoría fora do horario presencial da materia, que permita facer un seguimento do proceso de elaboración do mesmo. - Individuais, realizaranse no despacho arredor do progreso do alumnado. <p>Tanto para o alumnado repetidor como para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, o desenrolo da materia levarase a cabo mediante titorías presenciais obrigatorias e individualizadas de cara a facer un seguimento do seu traballo en relación a análise de fontes documentais, os traballos tutelados, recensións e a proba oral ou escrita. Tamén serán obxecto de atención personalizada presencial todo tipo de cuestións aclaratorias sobre a materia, dúbidas personais, ampliación de contidos ou reflexións máis pormenorizadas.</p>
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A13 A26 A40 B3 B4 B5 B6 B9 B10 B11 B13 B22 B24 C1 C3 C4 C7	Análise e discusión (individual ou grupal) de documentos e fontes relevantes así como desenvolvemento de actividades prácticas.	10
Presentación oral	A13 A26 B3 B5 B6 B10 B11 B22 B23 C1 C3 C4 C7	Exposición grupal de traballos realizados diante do grupo de referencia, procurando tirar conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada. Para a súa avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: <ul style="list-style-type: none"> - Orden na exposición. - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos básicos. - Claridade expositiva e corrección lingüística. - Creatividade (presentación suxestiva, motivadora, dinamizadora da participación das/os compañeiros/as...) - Uso de recursos... Expoñeranse nas data que se indiquen. É condición indispensable a exposición para presentarse á proba de ensaio.	10
Proba de ensaio	A4 A5 A6 A9 A12 A13 A26 B3 B6 B9 B10 B11 B22 C1 C4 C7	A proba de ensaio, de carácter individual, utilizada para a avaliación da aprendizaxe o remate do curso consistirá en dar resposta ás cuestións prantexadas que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia. Valoraranse as respostas concretas e precisas, así como a utilización de fontes (apoio na documentación achegada así como noutras lecturas realizadas) que favorezan un discurso coherente e razoado. A súa realización terá lugar segundo calendario oficial.	50



Aprendizaxe servizo	A6 A12 A13 A23 A26 A39 A40 B3 B5 B10 B11 B13 B22 B24 C1 C4	A actividade realizarase en grupo e componse do deseño dunha proposta de actividades arredor de temáticas realcionadas cos ODS e a Axenda 2030 como promotores de cidadanía global; temáticas escollidas polo alumnado no 1º cuadrimestre na materia de Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo. O deseño será para unha sesión de 50 minutos nun aula de E.I. e levarase á práctica nun centro educativo dese nivel na CC.AA. Na avaliación da proposta valorarase: - o deseño e a súa aplicabilidade - adecuación das actividades ao tempo da sesión de aula - a inclusión de todos os apartados da planificación da proposta - a claridade expositiva e a adecuación aos límites espaciais marcados - a capacidade de autocrítica e de propoñer melloras	30
---------------------	---	---	----

Observacións avaliación



1. OPCIÓN DE AVALIACIÓN

Atendendo ó traballo e á participación do alumnado na materia, a avaliación contempla dúas opcións:

Opción 1: Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de aula (asistencia mínima 80%), é obrigatorio estar integrado en un grupo de traballo que se conformará nas primeiras sesións de clase e correspóndelle a porcentaxe de avaliación

seguinte: 10% Análise de Fontes Documentais; 30% Aprendizaxe Servizo; 10% Presentación Oral; 50% Proba de ensaio, na que será preciso obter unha puntuación igual ou superior a 2.25 sobre 5 para poder superar a materia na 1ª oportunidade. Quen non teña una asistencia mínima do 80% non terá opción a realizar a proba de ensaio, será avaliado/a no resto das metodoloxías peron non calificado/a na 1ª oportunidade.

A cualificación final será a suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos de avaliación segundo o seu peso respectivo, salvo que na proba de ensaio a puntuación sexa inferior a 2.25. Neste caso, a cualificación final corresponderase coa acadada nesta proba.

Na realización da proba de ensaio, o alumnado poderá dispor do material dado pola docente ou de elaboración propia durante os 30 minutos iniciais. No caso de que a avaliación resulte negatia ó final do cuadrimestre (1ª oportunidade), a convocatoria de xullo (2ª oportunidade) estará sometida aos mesmos criterios que na 1ª oportunidade e só se repetirá a proba escrita, gardándose as partes superadas da materia de unha convocatoria a outra, dentro do mesmo curso académico.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na materia na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será calificado de "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

Opción 2: Para o alumnado que non asiste/participa nas actividades de aula (asistencia inferior ao 80%):alumnado de continuación de estudos, con dedicación a tempo parcial e dispensa académica. Este alumnado realizará unha proba de ensaio con carácter obrigatorio ao final do cuadrimestre (1ª oportunidade) na data sinalada oficialmente

(50% do total da nota final) ademáis dos traballos tutelados que en cada caso

particular se especifiquen (50% restante). A cualificación final sera a

suma das puntuacións obtidas en cada un dos elementos de avaliación

segundo o seu peso respectivo. Na realización da proba de ensaio, o alumnado poderá dispor do material

dado pola docente ou de elaboración propia durante os 30 minutos

iniciais.

No caso de que a avaliación resulte negativa ao final do cuadrimestre (1ª oportunidade), a

convocatoria de xullo (2ª oportunidade) estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria anterior e só se repetirá a proba escrita,

gardándose as

partes superadas da materia de unha oportunidade a outra, dentro do

mesmo curso académico.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? se rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC (<https://www.udc.es/gl/normativa/academica/>)

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha

vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na

materia na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será calificado

de "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso

académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira

oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa

cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

2. OBSERVACIONES ADICIONAIS:

- Para superar a materia tanto na 1ª como na 2ª oportunidade é imprescindible presentar todas as actividades e prácticas propostas ademáis de realizar a proba de ensaio.

De faltar algunha actividade ou práctica non hai opción a facer a proba

escrita. Se o caso se dá na 1ª oportunidade, a materia quedará pendente para a 2ª oportunidade, figurando na Acta como Non Presentado/a.

- O sistema de avaliación poderá flexibilizarse segundo estime pertinente a docente que imparte a materia en cada grupo.

- A puntualidade, a regularidade da asistencia ás sesións de clase así como o interese amosado , a actitude diante da materia e das actividades, e a participación e colaboración serán aspectos positivos á hora da avaliación.



-
Calquera circunstancia persoal que poida alteirar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada de inmediato, xustificada e acreditada para poder ter dereito a unha avaliación axustada as súas necesidades, evitando agravios co resto do alumnado. Neste caso, a docente tomará as medidas a que houbera lugar en cada caso para buscar a mellor opción, en beneficio do alumno ou alumna e o seu dereito a una aprendizaxe en igualdade e equidade. De non facelo así, o alumnado será considerado na opción 1 e a súa avaliación estará sometida ao xa descrito.

- Ao longo do 2º cuatrimestre pode haber actividades de carácter científico e/ou divulgativo relacionadas coa materia que a docente considera oportuna a súa asistencia aínda que estén programadas fora do horario da materia, pero dentro do horario lectivo xeral. Neste caso, o alumnado será avisado con antelación para que poida asistir. Estas actividades computarán na avaliación.

- O alumnado de modalidades específicas de aprendizaxe e apoio á diversidade deberá informar debidamente do seu caso á docente coa debida acreditación para poder adaptar a súa situación individual ás esixencias curriculares da materia e garantir a necesaria igualdade de condicións no proceso de aprendizaxe e de oportunidades na avaliación. En casos como os mencionados, a docente adoptará as medidas que considere oportunas nas probas de avaliación para non perxudicar a súa calificación final.

- O alumnado de Continuación de estudos (repetidor), obrigatoriamente deberá poñerse en contacto coa profesora antes do 20 de febreiro do presente curso académico para que lle indique, segundo os casos, a relación de traballos que terán que realizar de maneira individual. De non facelo, terán a mesma consideración que os matriculados na Opción 1. En calquera caso e unha vez comunicada a súa situación, establecerase unha proba oral ou escrita, segundo os casos, con carácter obrigatorio para todos o final do cuatrimestre (1ª oportunidade), na data sinalada oficialmente, e que suporá o 50% da nota final. O outro 50% corresponderá ós traballos que en cada caso sexan asignados expresamente ao alumnado e para os cales se fixará unha data de entrega. No caso de non entregar nada na data fixada, non haberá opción a facer a proba de ensaio. Na realización desta proba, o alumnado poderá dispor do material dado pola docente ou de elaboración propia durante os 30 minutos iniciais.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na materia na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será calificado de "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta da primeira oportunidade, se fose necesario.

Todas as condicións descritas serán válidas para a 2ª oportunidade.





Bibliografía básica

- Instituto Pedagógico Padres y Maestros (2003). Cine y Transversales. Treinta películas para trabajar en el aula.. Bilbao. Mensajero
- Jares, Xesús R. (2006). Aprender a convivir.. Vigo. Xerais
- Casamayor, G. (coord.) (1999). Cómo dar respuesta a los conflictos.. Barcelona. Graó
- Pérez, G. (1997). Cómo educar para la democracia. Estrategias educativas.. Madrid. Popular
- Camps, V. (2008). Creer en la educación.. Barcelona. Península
- Jares, Xesús R. (2008). Educación e paz. 25 anos de educadores pola Paz.. Vigo. Xerais
- Asís Roig, R. et al. (2006). Educación en derechos humanos: la asignatura pendiente.. Madrid. Dykinson
- Payá, M. (1999). Educación en valores para una sociedad abierta y plural. Aproximación conceptual.. Barcelona. DDB
- Jares, Xesús R. (1999). Educación y derechos humanos. Estrategias didácticas y organizativas.. Madrid. Popular
- Yuste, A. (2006). Educación, ciudadanía y democracia.. Barcelona. Octaedro-OEI
- Jares, Xesús R. (2004). Educar para la paz en tiempos difíciles.. Bilbao. Bakeaz
- Cavell, S. (2005). El cine, ¿puede hacernos mejores?. Madrid. Katz
- Trilla, J. (1992). El profesor y los valores controvertidos.. Barcelona. Paidós
- Savater, F. (1997). El valor de educar.. Barcelona. Ariel
- Haydon, G. (2003). Enseñar valores. Un nuevo enfoque.. Madrid, Morata
- Naya, L. M. (coord.) (2005). La educación y los derechos humanos.. Madrid. Erein
- Bárcena, F.; Gil, F. y Jover, G. (1999). La escuela de la ciudadanía: educación ética y política.. Bilbao. DDB
- Buxarrais, R. (1999). La formación del profesorado en educación y valores.. Barcelona. DDB
- Martínez, M. y Hoyos, G. (coord.) (2006). La formación en valores en sociedades democráticas.. Barcelona. Octaedro-OEI
- Cerezo Martínez, F. (2001). La violencia en las aulas. Análisis y propuestas de intervención. . Madrid. Anaya
- Camps, V. (1994). Los valores de la educación.. Madrid. Alauda
- Elzo, J. (2000). Los valores de los jóvenes españoles.. Madrid. Fundación Santa María
- Pereira, C. (2005). Los valores del cine de animación: propuestas pedagógicas para padres y educadores.. Barcelona. PPU
- Ortega Ruiz, P. y Mínguez Vallejos, R. (2001). Los valores en la educación.. Barcelona. Ariel
- Juul, J. (2008). Los valores para la familia hoy.. Madrid. Maeva
- Calero, J. (2008). Sociedad desigual, ¿educación desigual?. Madrid. Ministerio de Educación
- Sancho Gil, J. Mª. (2006). Tecnologías para transformar la educación.. Madrid. Akal
- Amar Rodríguez, V. M. (2008). TICs, sociedad y educación.. Madrid. Tébar
- Ollero, A. (coord.) (1999). Valores en una sociedad plural.. Madrid. Fundación para el Análisis y los Estudios Sociales
- Anaut, L. et al. (2002). Valores escolares y educación para la ciudadanía. Barcelona. Graó
- Loscertales, F. y Núñez, T. (2001). Violencia en las aulas.. Barcelona. Octaedro
- Sánchez Alcón, Ch. y Navarro Navarro, L. (2007). ¿Cómo educar en valores cívicos a los peques?. Barcelona. Octaedro
- Hoyos, G. y Martínez, M. (coords.) (2004). ¿Qué significa educar en valores hoy?. Barcelona. Octaedro
- Cortina, A. (coord) (2009). La educación y los valores. Madrid. Biblioteca Nueva
- Esteban Bara, F. (2007). Lluvia de valores. Barcelona. CEAC
- Carbonell Sebarroja, J (2008). Una educación para mañana. Barcelona. Octaedro.
- Tiana Ferrer, A. (2009). Por qué hicimos la LOE. Madrid. Wolters Kluwer España
- Ribotta, S (ed) (2006). Educación en derechos humanos. La asignatura pendiente. Madrid. Dykinson
- Bárcena, F., Gil, F., Jover, G. (1999). La escuela de la ciudadanía. Bilbao. DDB
- García Aretio, M., Ruiz Corbella, R., García Blanco, R. (2009). Claves para la educación. Madrid. Narcea
- Arenas-Dolz, F., Gallegos Salazar, D. (ed) (2009). El ciudadano democrático. Madrid. PyV
- Nussbaum, M.C (2010). Sin fines de lucro. Madrid. Katz Editores
- Tuts, M., Martínez Teu, L. (2006). Educación en valores y Ciudadanía: propuestas y técnicas didácticas para la formación integral. Madrid. Los libros de la Catarata



- Revista de Educación (2003). Educación y ciudadanía (nº extraordinario). Madrid. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte
- Revista de Estudios del Currículum (2000). Educación cívica (Vol 3, nº 1). Barcelona. Ediciones Pomares-Corredor
- Revista Iberoamericana de Educación (2006). Educación y Ciudadanía (nº42 septiembre-diciembre)). Madrid.OEI
- Tarbiya. Revista de Investigación e Innovación Educativa (2004). La Educación en Derechos Humanos. Madrid. Instituto Universitario de Ciencias de la Educación
- M^a Eugenia Rodríguez Palop (2011). Claves para entender los nuevos derechos humanos. Madrid. Los libros de la Catarata
- F. Dubot (2011). Repensar la justicia social. Contra el mito de la igualdad de oportunidades. Buenos Aires. Siglo XXI
- F. Revilla (coord.) (2006). Educación y ciudadanía: valores para una sociedad democrática. Madrid. Biblioteca Nueva
- I. Carrillo i Flors (coord.) (2005). Diez valores para el siglo XXI. Barcelona, CISS Praxis

Recursos en

REDE:<http://fund-culturadepaz.org/spa/espanol.htm><http://www.alliance21.org/2003><http://www.alteris.org/quees.html><http://www.aulaintercultural.org><http://www.citized.info><http://www.ciudadania.profs.net><http://www.coe.inth><http://www.dadalo.org><http://www.edualter.org><http://www.educacionciudadania.mec.es><http://www.educacionenvalores.org><http://www.es.amnesty.org><http://www.escuelalibre.org><http://www.mec.es/creade><http://www.movimientocontralaintolerancia.com><http://www.oei.es><http://www.sgep.org><http://www.unesco.org>

Recursos en

REDE:<http://fund-culturadepaz.org/spa/espanol.htm><http://www.alliance21.org/2003><http://www.alteris.org/quees.html><http://www.aulaintercultural.org><http://www.citized.info><http://www.ciudadania.profs.net><http://www.coe.inth><http://www.dadalo.org><http://www.edualter.org><http://www.educacionciudadania.mec.es><http://www.educacionenvalores.org><http://www.es.amnesty.org><http://www.escuelalibre.org><http://www.mec.es/creade><http://www.movimientocontralaintolerancia.com><http://www.oei.es><http://www.sgep.org><http://www.unesco.org>



Bibliografía complementaria

- Jares, Xesús R. (2006). Aprender a convivir.. Vigo, Xerais
 - Subirats, M., Tomé, A. (2007). Balones fuera: reconstruir los espacios desde la coeducación.. Barcelona, Octaedro
 - Carreras, Ll. y otros (1995). Cómo educar en valores.. Madrid, Narcea
 - Pérez, G. (1997). Cómo educar para la democracia. Estrategias educativas.. Madrid. Popular
 - Tomé, A., Rambla, X. (2001). Contra el sexismo. Coeducación y democracia en la escuela.. Madrid, Síntesis
 - Camps, V. (2008). Creer en la educación.. Barcelona, Península
 - Tonucci, F. (2003). Cuando los niños dicen basta.. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez
 - Asís Roig, R. et al. (2006). Educación en derechos humanos: la asignatura pendiente.. Madrid, Dykinson
 - Paya, M. (1999). Educación en valores para una sociedad abierta y plural. Aproximación conceptual.. Barcelona. DDB
 - Jares, Xesús R. (1999). Educación y derechos humanos. Estrategias didácticas y organizativas..
 - Jares, Xesús R. (2004). Educar para la paz en tiempos difíciles.. Bilbao, Bakeaz
 - Calvo Buezas, T. (1990). El racismo que viene. Otros pueblos y culturas vistos por profesores y alumnos.. Madrid, Tecnos
 - Savater, F. (1997). El valor de educar.. Barcelona. Ariel
 - Haydon, G. (2003). Enseñar valores. Un nuevo enfoque.. Madrid, Morata
 - Rodríguez Martínez, C. (comp.) (2006). Género y currículo: aportaciones del género al estudio y práctica del currículo.. Madrid, Akal
 - Barrére, M^a A., Campos, A. (coord.) (2005). Igualdad de oportunidades e igualdad de género, una relación a debate.. Madrid, Dykinson
 - Coombs, Ph. (1986). La crisis mundial de la educación: perspectivas actuales.. Madrid, Santillana
 - Sánchez Ferriz, R., Jimena Quesada, L. (1995). La enseñanza de los derechos humanos.. Barcelona. Ariel
 - Micheá, J. Cl. (2002). La escuela de la ignorancia.. Madrid, Ediciones Acurela
 - Jackson, Ph. W. (1991). La vida en las aulas.. Madrid, Morata
 - Lomas, C. (comp.) (2007). Los chicos también lloran. Identidades masculinas, igualdad entre los sexos y coeducación.. Barcelona, Paidós
 - Delval, J. (1990). Los fines de la educación.. Madrid, Siglo XXI
 - Camps, V. (1994). Los valores de la educación.. Madrid, Anaya
 - Juul, J. (2008). Los valores para la familia hoy.. Madrid, Maeva
 - Esteban Bara, F. (coord.) (2003). Mi querida educación en valores. cartas entre docentes e investigadores.. Bilbao, DDB
 - Doménech, J; Guerrero, J. (2005). Miradas a la educación que queremos.. Barcelona, Graó
 - Sancho Gargallo, M. et al. (2007). Nuevos retos para convivir en las aulas: construyendo la escuela cívica.. Madrid, Fundación Europea Sociedad y Educación
 - Meirieu, P. (2004). Referencias para un mundo sin referencias.. Barcelona. Graó
 - Subirats, M., Brullet, C. (1988). Rosa y azul. la transmisión de los géneros en la escuela mixta.. Madrid, Instituto de la Mujer
 - Amar Rodríguez, V. M. (2008). Tecnologías de la información y la comunicación, sociedad y educación.. Madrid. Tébar
 - Tierno, B. (1996). Valores humanos.. Madrid, Taller de Editores
 - Bindé, J. (dir.) (2005). ¿A dónde van los valores? Coloquios del siglo XXI.. Barcelona, Icaria-UNESCO
 - Gerilla, E., Jiménez, F.J., Santos, M. (coords) (2011). La educación nos hace libres. Madrid. Biblioteca Nueva
 - Ferland, F. (2011). Cuéntame un cuento. Madrid. Narcea
 - F. García Moriyón (2011). El troquel de las conciencias. Una historia de la educación moral en España. Madrid. Ediciones de la Torre
 - J. Carbonell y A. Tort (2006). La educación y su representación en los medios. Madrid, Morata
 - J. B. Martínez Rodríguez (2005). Educación para la ciudadanía. Madrid, Morata
- A medida que avance o cuadrimestre, esta bibliografía irase actualizando según vaian aparecendo novas publicacións relacionadas coa materia, ou de carácter xeral que a docente considere oportunas. En calquera caso, serán comunizadas ao alumnado na aula ou no Moodle



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. Os traballos entregaranse telemáticamente, a través o campus virtual, e de non ser posible: realizaranse impresións a dobre cara, en papel reciclado e grapados (evitarase o uso de plásticos. 2. Non se admitirán traballos dos que a docente non teña constancia da súa realización. 3. Os traballos deben presentarse ben identificados (nome do alumno/alumna, curso, grupo, materia e nome do profesor/profesora), e sempre que conteñan referencias bibliográficas, é imprescindible seguir as normas da APA (7ª ed.), empregando ademáis a citación xusta. 4. As datas de entrega dos traballos son proposta ao inicio do cuadrimestre. Polo tanto, son inamovibles, agás casos excepcionais. É aconsellable gardar copia do orixinal que se entregue. 5. Para poder ser calificado/a e avaliado/a é necesario ter entregado todos os traballos esixidos. De faltar algunha das partes, o alumno/a figurará como NON PRESENTADO/A. 6. Débese facer un uso sostible dos recursos así como da prevención de impactos negativos sobre o medio natural. 7. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. 8. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, incorporárase a perspectiva feminista nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizaranse referencias bibliográficas de ambos sexos -citación xusta-, propiciárase a intervención na aula de alumnas e alumnos...). 9. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. 10. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas. 11. Facilitarase a plena integración do alumnado por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, que experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria. Agradécese que calquera necesidade de proposta de mellora sexa comunicada. 12. A proba de ensaio realizarase seguindo o calendario oficial. 13. O horario de titorías está exposto na web da Facultade e na porta do despacho P0B5.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías